

TRABALLO DE HISTORIA ORAL

Xosé Pérez Fernández

Pablo Méndez

Entrevistado: Xosé Pérez Fernández.

Nacido en : 1929.

Parentesco: avó materno.

Nacemento.

-Circunstancias.

Meu avó naceu un 13 de Xuño de 1929, nunha pequena aldea do interior da bisbarra de Lugo, Sta. Eulalia, pertencente ao municipio de Taboada.

Nesta data a familia non pasaba polo seu peor momento, no que á parte económica se refire, adicábanse ás tarefas do campo e do que criaban e cultivaban dáballes para vivir, eso si sen moitos luxos.

En 1929 estaba ao mando Primo de Rivera, aínda que nunha ditadura, meu avó opina que foi mellor esta época que a que vivía despois coa chegada da república e o seu descontrol.

Infancia.

-Situación económica e política.

Aínda coa súa corta idade nesa época meu avó lembra con tristeza e desacougo o ano trintaecatro.

-“O peor ano”. El di que nunca pasou fame porque “Pan e patacas sempre houbo”, pero ata el mesmo admite que non había para nada máis.

Nesta situación algo tiña que acontecer e así foi en 1936 comezou a guerra, debido a estares nunha vila, non lles afectou de maneira directa, un dos

terribles recordos que ten desa terrible época é que de Sta. Eulalia foron doce homes a loitar á guerra e da súa vila lindante (Vilar de Cabalos) foron so catro homes, do pobo do meu avó volveron aínda que feridos, como e lóxico, os doce mentres que do pobo veciño, por desgraza, non voltou ningún.

Nalgunhas noites destes tres anos (1936-1939) víanse cruzar polo ceo unhas potentes luces que alumaban todo ao seu paso.

-Situacion social e familiar.

Cando tivo os anos o meu avó foi a escola, máis que unha obriga a escola nese momento parecíase máis a un divertimento porque cando non ían á escola e quedaban na casa tiñan que ir por exemplo a levar as ovellas ao prado ou axudar có arado.

Nesa época o colexio non era coma agora se non sabías un día a lección esperábanche duros castigos e non había métodos tan didácticos para estudar como hai agora, a cousa consistía en lelo e volver a lelo.

Aínda hoxe se lle preguntas ao meu avo por exemplo os países de Europa coas suas capitais el empezache coma se estivera a cantar unha cantiga.

Meu avó ten bos recordos da escola, el foi o primeiro en aprenderse de carreriña todas as táboas de multiplicar.

Mocidade.

-Servizo militar.

O punto máis importante desta etapa do meu avó e supoño que en todos os xoves da época non foron as festas e romerías, nin tan sequera os flirteos coas mozas, foi sen dúbida a chegada do servizo militar.

Ao falar do servizo militar o meu avó cambioulle a cara, tiña unha expresión de alegría, comezou a contar que primeiro tivo que ir a Taboada a medirse,...

Coma ao seu irmán maior mandáronlle a Ferrol a cumprir o servizo militar, meu avó pensou que tamén lle tocaría a el ir por terras coruñesas, pero non foi así.

Por falta de espazo había xente que tería que ir a “Jaca”. A maneira de escoller a ese homes foi escollendo unha letra de alfabeto ao chou, desta vez saíu o “p” e meu avó como é Pérez tivo que abandonar a súa terra, aínda que non lle saíu tan mal porque meu avó caeulle ben ao seu superior, antes de se ir de permiso éste pediulle o meu avó que lle trouxese un quilo de castañas galegas, meu avó aceptou. Cando volveu do permiso non lle trouxo un quilo de castañas se non que un saco de castaña, un lacón e chourizos, a partires diso meu avó non traballou moito, so tiña ocupada parte da mañan e algunhas horas coas gardas.

No tempo que tiña libre íase ao cine a ver películas mudas da época. Antes de se ir ao servizo militar meu avó xa coñecía a miña avoa pero foi á volta cando se fixeron noivos.

O de noivos nesa época consistía en estar sentados ou pasear (sen collerse da man) por diante da casa da rapaza.

É de admirar o esforzo do meu avó porque cando quería ir ver a sua moza (algún que outro xoves ou domingo) tiña que camiñar doce quilómetros que separaban os pobos de ambos.

Madurez.

-Casamento.

Tras dous anos de noviazgo, meus avós con dezanove anos a miña avoa e vintecatro o meu avó decidiron casar, e así foi. Celebrárono na capela das Figueiras, pobo cercano ao da miña avoa, ela levaba un traxe escuro, azul marino, ao contrario do que acontece na actualidade.

Eles lembrábanse de que foron a igrexa unha tarde e despois fixeron unha cea coa familia máis cercana para celebrar o enlace.

-Emigración e vida na cidade.

Despois de traballar na aldea como leiteiro e comerciante de cereais, tras o nacemento do seu primeiro fillo decidieron marchar á cidade en busca de mellores condicións de vida.

A chegada a Vigo foi dura e tardaron tempo en acostumarse, meu avó traballaba de peón ou di que atopaba, pero por fin chegou a súa oportunidade, atopou un traballo de condutor de tranvías, coincidindo con nacemento do seu segundo fillo(miña nai).

Tras un periodo de situación económica estable os tranvías de Vigo chegan ao seu fin, a consecuencia meu avó coa axuda da miña avoa embarcou no mundo da venda ambulante do que a pesares do duro traballo que acarrea tanto meu avó como a miña avoa gardan bos recordos deses anos.

Por falta de tempo para adicarlle aos seus fillos meus avós deciden abandonar o mundo das feiras e meu avó merca un autobús. Coas ganancias adquiridas chegaron a ter cinco autobuses que abandonaron pola chegada da jubilación.